

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2015.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **QUINCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúñese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA, JESÚS TABOADA LÁZARA**. Asiste igualmente a concelleira **M<sup>a</sup> del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Non asiste: **MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **CONVENIO PARA REGULAR O RÉXIME DAS OBRIGAS DERIVADAS DA PARTICIPACIÓN MUNICIPAL NO FINANCIAMENTO DO PROXECTO PROMOVIDO POLA ENTIDADE AFAPO (ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER) (APORTACIÓN: 18.835 €. PARA O 2016)**
- 3.- **EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 2. ORZAMENTOS DO 2015.**
- 4º.- **URBANISMO. LICENZAS**

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do 01 de Decembro de 2015.

### **2º.- CONVENIO PARA REGULAR O RÉXIME DAS OBRIGAS DERIVADAS DA PARTICIPACIÓN MUNICIPAL NO FINANCIAMENTO DO PROXECTO PROMOVIDO POLA ENTIDADE AFAPO (ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER) (APORTACIÓN: 18.835 €. PARA O 2016)**

Dáse conta do texto íntegro do Convenio, a proposta da Concellera de Servizos Sociais:

"CONVENIO REGULADOR

*Na Casa Consistorial do Concello de Silleda a 30 de decembro de 2016.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Silleda, asistido pola Sr. Secretario Xeral do mesmo, que da fe do acto, e*

*Doutra parte, D. José Manuel Fontenla Redondo, con DNI número 35.251.003-F, como representante legal da entidade Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer y otras demencias de la Pontevedra en adiante, AFAPPO", con NIF número G - 36461697*

#### **INTERVEÑEN**

*D. Manuel Cuiña Fernández , na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Silleda, no exercicio das facultades de representación atribuídas de conformidade co disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.*

*D. José Manuel Fontenla Redondo, actuando en representación de AFAPPO, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

#### **MANIFESTAN**

**PRIMEIRO.** Que AFAPPO é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxecto principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen Alzheimer e outras demencias.

De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAPPO son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social.

**SEGUNDO.** Que, dentro deses programas, conta cun programa de " Intervención integral a persoas con Alzheimer e as sus familias cuidadoras", que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional. Tamen contará cun Centro de Información e Asesoramento que durante todo ano, agás agosto, un día o mes durante 4 horas, un profesional de Afapo atenderá ás familias para resolver ás dúbidas ou necesidades que precisen.

**TERCEIRO.** Que o Concello de Silleda é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas no Concello que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Silleda

**CUARTO.** Que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Legal, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar todos aqueles servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal, ostentando en todo caso competencias en materia de Cultura, Deportes, Servizos Comunitarios e Sociais etc., de acordo coa definición concreta que a tal efecto realice a legislación sectorial reguladora dos diferentes campos de actividad pública.

**QUINTO.** Que ademais do anterior, de conformidade co artigo 28 do mesmo texto legal, os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas, en particular polo que se refire á cultura, á promoción da muller, á educación, á vivenda, á sanidade e á protección do medio ambiente.

**SEXTO.** Que a satisfacción dos intereses xerais nos campos a que anteriormente se sinalou, contribúe dunha

maneira fundamental á iniciativa privada, en particular, á de aquelas entidades particulares que as súas actividades sexan de utilidade e/ou interese público ou social, e veñan a complementar os servicios prestados por esta Administración.

**SÉTIMO.** Que dentro das formas da actividade das administracións públicas, a de fomento das actividades dos cidadáns que son de interese público e/ou social e complementarias dos servizos municipais, é de fundamental importancia, xa que en lugar de substituir a acción libre destes, coadxuva a que o citado campo de actividade permaneza no sector privado, coa axuda e colaboración da Administración na consecución, de acordo coa filosofía orientadora do noso sistema constitucional.

**OCTAVO.** Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoveranse mediante o outorgamento de subvencións que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emergencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

**NOVENO.** Que a entidade AFAPO, comprométense o: *Desenvolvemento do Programa "Intervención Integral a Pessoas con Alzheimer e as suas familias coidoras" no concello de Silleda cos obxectivos de mellorar o estado físico-emocional do coidor, adestrar capacidades funcionais e cognitivas do enfermo; e informar/asesorar sobre recursos ás familias.*

**DÉCIMO.** Que AFAPO comprométense tamén a:

1. Aceptar ós beneficiarios (enfermos e familiares) que sexan derivados polos Servizos Sociais do Concello.
2. Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa suxeitándose ás condicións laborais vixentes.
3. Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Por estas razóns, con fin de conseguir o citado obxectivo, ámbalas partes, ó amparo do disposto pola lexislación

vixente, concertan este convenio de acordos cos seguintes

## COMPROBAMOS

### PRIMEIRO. OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto regular o réxime das obrigas derivadas da participación municipal no financiamento do proxecto promovido pola entidade AFAPOL, relativo a súa participación nas actividades sinaladas no apartado noveno e décimo do apartado anterior e o mantemento da mesma, cun custe total de 18.835 €.

### SEGUNDO. COMPROBAMOS MUNICIPAIS

Como colaboración na realización do citado proxecto, o Concello de Silleda comprometeses, en virtude do presente convenio, a participar no financiamento cunha subvención de 18.835 €.

En concreto, subvencionaranse 15 prazas para usuarios derivados polos Servicios Sociais seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, seren obxecto de estimulación.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada.

A corporación municipal comprometese asemade a aportar un local que reúna as características e autorizacións administrativas necesarias para a prestación do servizo, así como a satisfacer os importes das facturas de luz, auga, gas, teléfono fixo e internet que xere a actividade subvencionada.

### TERCEIRO. FORMA DE PAGO

Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

A asociación percibirá o importe da subvención concedida seguindo o calendario de pagos que figura a continuación,

CALENDARIO DE PAGOS		
FITO	DATA	IMPORTE
Início da actividade	1 de Febreiro de 2016	6.278,33 €
Realización do 50% da actividade	15 de Xullo de 2016	6.278,33 €
Entrega da xustificación	30 de Decembro de 2016	6.278,33 €

O abono dos referidos importes realizarse dentro dos 30 días posteriores ás datas reflexadas no calendario de pagos de acordo co previsto no artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

De xeito excepcional poderanse realizar pagos a conta previa xustificación do gasto efectuado no xeito establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **CUARTO. OBRIGAS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN**

O beneficiario da subvención, pola súa parte, comprometese, en virtude do presente convenio, a: 1.- Destinar a subvención municipal á finalidade pactada; 2.- A facer constar nos carteis e outros o escudo do Concello e a lenda "Subvencionada Concello de Silleda"; 3.- A asumir o compromiso de levar o mantenemento da entidade; 4.- A realizar as actividades que se citan no apartado quinto, 5.- Proceder á devolución, total ou parcial da subvención, no caso de que o proxecto non se leve a efecto ou non se execute integralmente, e a xustificar a aplicación da mesma nos termos previstos no compromiso sexto do presente documento.

Asemade, a entidade AFAPO, comprométense a cumplir e facer cumplir tódalas obrigas legais ó longo de tódalas fases do convenio, en particular as obrigas derivadas do procedemento de concesión e xestión, do reintegro e do control financeiro, con coñecemento e sometemento ao réxime de infraccións e sancións correspondente.

#### **QUINTO. VIXENCIA**

O prazo de duración do presente convenio será de doce meses naturais de duración, computados dende o inicio da execución da actividade, a 1 de Xaneiro de 2016, con fecha de finalización, por tanto, a 31 de Decembro de 2016.

#### **SEXTA. XUSTIFICACIÓN**

Para xustificar o cumprimento das condicións establecidas na concesión da subvención, o beneficiario ten que aportar a seguinte documentación:

- Memoria da actividade subvencionada, especificando o grado de logro dos seus obxectivos.
- Xustificación económica consistente no balance económico da actuación subvencionada, coa desagregación de todos los gastos e ingresos xerados no marco do desenvolvemento da actividade. Os gastos teñen que acreditarse mediante facturas o outros documentos de valor probatorio equivalente. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo a IVE, a non ser que se xustifique a execución deste imposto.

A xustificación terá que ser presentada no prazo de 3 meses, a contar dende a data de finalización da actividade subvencionada.

Se por motivos excepcionais non se puidese presentar a xustificación dentro de este prazo, o beneficiario poderá solicitar a súa ampliación. Esta solicitude deberá realizarse por escrito e terá que ser presentada antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior. Nesta solicitude alegaranse os motivos que impiden presentar a xustificación dentro do prazo establecido. Á vista desta solicitude, e en función dos motivos alegados, o órgano competente poderá conceder a ampliación do prazo para presentar a xustificación.

#### **SÉTIMO. CAUSAS DE EXTINCIÓN**

O presente convenio extinguírase:

- a). - Polo cumprimento íntegro do seu obxecto.
- b). - Por incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio.

#### **OCTAVO. INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN**

A xurisdición contenciosa será a competente para o coñecemento de calquera cuestión relacionada co presente convenio de colaboración.

#### **NOVENO. LEXISLACIÓN APLICABLE**

*En todo o non previsto neste Convenio, estarase ó disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*E para que así conste, como proba de conformidade, ámbalas partes firman o presente documento por exemplar duplicado e a un solo efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento. Dou fe.*

O ALCALDE,  
O SECRETARIO"

O BENEFICIARIO

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

**- APROBAR O CONVENIO CON AFAPO (Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer), con cargo aos ORZAMENTOS do 2016, partida 231.226.99 de acordo coa proposta da Concelleira de Servizos Sociais.**

#### **3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 2. ORZAMENTOS DO 2015.**

VISTO a resolución da Alcaldía que se transcribe:

"**PROVIDENCIA DA ALCALDÍA.**

*Coa finalidade de dotar os créditos necesarios para fazer fronte aos gastos da partida 920.470 destinada a concesión de axudas dentro do Plan Municipal de Axuda aos Emprendedores no Concello de Silleda.*

*Visto que no Orzamento Xeral do Concello de Silleda para o exercicio 2015figura o concepto orzamentario 433.631 destinado á concesión de axudas a emprendedores dentro do Concello de Silleda cunha consignación de 15.000,00 €. Tendo en conta a natureza do fin do gasto e as bases reguladoras da concesión das axudas, trátase dun gasto aplicable ao capítulo IV de transferencias correntes e non dunha inversión do capítulo VI que é como figura no Orzamento de Gastos.*

*Dase traslado da presente á Intervención Municipal para que emita o preceptivo informe en relación coa posibilidade de levar a cabo a oportuna transferencia de créditos no Orzamento Municipal nas partidas que se indican a continuación:*

<i>Partida Orzamentaria</i>	<i>Partida A MINORAR</i>	<i>Disminución</i>
-----------------------------	--------------------------	--------------------

433.631	Axudas a Emprendedores do Concello de Silleda	15.000,00 €
<b>Partida Orzamentaria</b>	<b>Partida a INCREMENTAR</b>	<b>Aumento</b>
433.470	Axudas a Emprendedores do Concello de Silleda	15.000,00 €

Silleda, a 30 de outubro de 2015. O ALCALDE-PRESIDENTE. Asdo. Manuel Cuiña Fernández."

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

- APROBAR O EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 2 DOS ORZAMENTOS DO 2015, de acordo coa proposta da Alcaldía.

#### **4º.- URBANISMO. LICENZAS**

- 4.1.- Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto no lugar de Barravaite, Lamela, presentada por María Luisa Barral Espiño.

Vista a solicitude de licenza, presentada por María Luisa Barral Espiño, Rexistro de Entrada nº 5986 de data 03 de novembro de 2015, para Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto no lugar de Barravaite, Lamela.

Visto o informe emitido o 11 de decembro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: María Luisa Barral Espiño  
 Data de rexistro: 03.NOV.2015 Nº: 5986 Data escrito: 02.NOV.2015  
 Solicitud: Segregación e agrupación de parcelas  
 Tipo de Solicitud: Obra Maior  
 Emprazamento: Lugar de Barrabaite, Lamela  
 Referencia catastral: 36052D50710755  
 Autor do Proxecto: Ramón Moreira Mato, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1666  
 Proxecto: Execución. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)

NORMATIVA DE APLICACIÓN:...

ANTECEDENTES:

1. Amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por María Luisa Barral Espiño, presentada con R.E. 5986 de 03.NOV.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por Ramón Moreira Mato, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1666 e xustificante de pago de taxas municipáis.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas1 durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos

*catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.*

*3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:*

**INFORME TÉCNICO:**

*4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.*

*5. Consonte á normativa vixente, o artigo 206.1 da LOUGA prohíbe a segregación de predios con carácter xeral. Establece, porén, a excepción seguinte "Tamén poderá autorizarse, coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, a segregación e simultánea agregación en unidade de acto.". O planeamento vixente, segundo a disposición transitoria primeira clasifica este solo como rústico de protección ordinaria, como xa se dixo, e polo tanto sería viable; sen prexuízo de que o aprobado inicialmente o clasifica como protección agropecuaria. En todo caso, como se indicou no punto 2 dos antecedentes deste informe, unha vez rematada a suspensión de licenzas, enténdese que o planeamento en vigor é o PXOM de 1981, polo que se considera viable esta agrupación- segregación.*

*6. A parcela matriz "A", de 16.757 m<sup>2</sup> está edificada. Esta parcela pasa a ter un tamaño inferior fruto desta agrupación- segregación, pasando a ter 10.716 m<sup>2</sup> no proxecto de segregación e agrupación. Canto á parcela matriz "B", gaña 6.041 m<sup>2</sup>, polo que pasa de ter 2.618 m<sup>2</sup> a 8.659 m<sup>2</sup> despois da agrupación- segregación.*

*7. As parcelas obxecto de agrupación- segregación atópanse dentro do ámbito da Concentración parcelaria de Cervaña- Lamela- Piñeiro, polígono 7, parcelas 755 e 757 dos planos do acordo, que se insiren neste informe. Deberase estar ao disposto na Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, no relativo a segregacións. Artigo 52:*

*"Non será válida a división ou segregación de terreos de substitución, salvo nos seguintes casos:*

*a) Cando se trate de disposicións en favor de propietarios de terreos lindantes, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, tanto o terreo que se divide ou segregá coma a lindante non resulten de extensión inferior á unidade mínima de cultivo a que se refire o artigo 3.1.b).*

*b) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na legislación especial de arrendamentos rústicos.*

*c) Se se produce por causa de expropiación forzosa."*

*7.1 Neste sentido, o artigo 3.1. b establece o seguinte:*

*1. O decreto de concentración parcelaria determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade coa necesidade de que as terras cultivables non queden abandonadas, polo que o titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario está obrigado a:*

*a) (...)*

*b) Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó sobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións sinaladas no artigo 52.*

Para este efecto, a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de agricultura, ó aproba-lo acordo, ditará, óida a xunta local de zona, resolución motivada, na que sinalará a unidade mínima de cultivo para a zona, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de producción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona, e que en ningún caso será inferior ás unidades mínimas de cultivo establecidas pola Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 23 da Lei estatal, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

8. Canto á superficie mínima de cultivo, o Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, para o Concello de Silleda, 0,30 hA a sequeiro e 0,20 hA para regadio.

9. Á vista da documentación aportada, ámbalas dúas parcelas resultantes dan cumprimento coa superficie mínima de cultivo para este ámbito (Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que remite o artigo 206 LOUGA). As superficies das parcelas matrices e resultantes son as seguintes:

PARCELAS MATRICES			PARCELAS RESULTANTES	
superficie inicial	parcela instrumental	Superficie + parcela instrumental	superficie resultante	
A 16.757 m <sup>2</sup>	A' 10.716 m <sup>2</sup>	A' 10.716 m <sup>2</sup>	A' 10.716 m <sup>2</sup>	A' 10.716 m <sup>2</sup>
B 2.618 m <sup>2</sup>	A1 6.041 m <sup>2</sup>	B 2.618 m <sup>2</sup>	A1+B 8.659 m <sup>2</sup>	B' 8.659 m <sup>2</sup>
total 19.375 m <sup>2</sup>	19.375 m <sup>2</sup>	19.375 m <sup>2</sup>	19.375 m <sup>2</sup>	19.375 m <sup>2</sup>

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, o planeamento de 1981, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude desde o punto de vista técnico, e propone para a concesión de licencia municipal de segregación e agrupación de parcelas.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do técnico que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 11 de decembro de 2015

Asinado: Lino Manuel Doperto Framil, arquitecto"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transscrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA

- Conceder a licenza de obras para a segregación e agrupación de parcelas, solicitada por presentada por María Luisa Barral Espiño, previa liquidación do ICIO e taxas municipais.

#### 4.2 . Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto no lugar de Bustelo, Escuadro. Rosa María Carmen Fernández Taboada.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Rosa María Carmen Fernández Taboada,

Rexistro de Entrada nº 6260 de data 17 de novembro de 2015, para Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto no lugar de Bustelo, Escuadro

Visto o informe emitido o 11 de novembro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúa o seguinte:

"Solicitante: Rosa María Carmen Fernández Taboada  
Data de rexistro: 17.NOV.2015 Nº: 6260 Data escrito: 17.NOV.2015  
Solicitud: Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto  
Tipo de Solicitud: Obra Maior  
Emprazamento: Lugar de Bustelo, Escuadro  
Referencia catastral: 36052M50800503 e 36052M50800490  
Autor do Proxecto: Alfonso Prego Fraga, enxeñeiro técnico agricola col. 1141  
Proxecto: Execución. Visado polo Colexio Oficial nº PO-20150381

NORMATIVA DE APLICACIÓN:...

ANTECEDENTES:

1. Amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Rosa María Carmen Fernández Taboada, presentada con R.E. 6260 de 17.NOV.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por Alfonso Prego Fraga, enxeñeiro técnico agricola col. 1141 e xustificante de pago de taxas municipáis.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas1 durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a, está clasificado como solo de núcleo rural histórico-tradicional, solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección das augas.
5. Consonte á normativa vixente, o artigo 206.1 da LOUGA prohíbe a segregación de predios con carácter xeral. Establece, porén, a excepción seguinte "Tamén poderá autorizarse, coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, a segregación e simultánea agregación en unidade de acto.". O planeamento vixente, segundo a disposición transitoria primeira clasifica este solo como rústico de protección ordinaria, como xa se dixo, e polo tanto sería viable; sen prexuízo de que o aprobado inicialmente o clasifica como protección agropecuaria. En todo caso, como se indicou no punto 2 dos antecedentes deste informe, unha vez rematada a suspensión de licenzas, enténdese que o planeamento en vigor é o PXOM de 1981, polo que se considera viable esta agrupación- segregación.

6. A parcela matriz "1", de 8.104 m<sup>2</sup> non está edificada. Esta parcela pasa a ter un tamaño inferior fruto desta agrupación- segregación, pasando a ter 6.404 m<sup>2</sup> no proxecto de segregación e agrupación. Canto á parcela matriz "2", edificada, gaña 1.700 m<sup>2</sup>, polo que pasa de ter 11.856 m<sup>2</sup> a 13.356 m<sup>2</sup> despois da agrupación-segregación.

7. As parcelas obxecto de agrupación- segregación atópanse dentro do ámbito da Concentración parcelaria de Escudero-Rellas, polígono 9, parcelas 503 e 409 dos planos do acordo, que se insiren neste informe. Deberase estar ao disposto na Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, no relativo a segregacións. Artigo 52:

"Non será válida a división ou segregación de terreos de substitución, salvo nos seguintes casos:

- a) Cando se trate de disposicións en favor de propietarios de terreos lindantes, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, tanto o terreo que se divide ou segregá coma a lindante non resulten de extensión inferior á unidade mínima de cultivo a que se refire o artigo 3.1.b).
- b) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos.
- c) Se se produce por causa de expropiación forzosa."

7.1 Neste sentido, o artigo 3.1. b establece o seguinte:

1. O decreto de concentración parcelaria determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade coa necesidade de que as terras cultivables non queden abandonadas, polo que o titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario está obrigado a:

- a) (...)
- b) Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó sobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións sinaladas no artigo 52.

Para este efecto, a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de agricultura, ó aproba-lo acordo, ditará, óida a xunta local de zona, resolución motivada, na que sinalará a unidade mínima de cultivo para a zona, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de producción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona, e que en ningún caso será inferior ás unidades mínimas de cultivo establecidas pola Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 23 da Lei estatal, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

8. Canto á superficie mínima de cultivo, o Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, para o Concello de Silleda, 0,30 hA a sequeiro e 0,20 hA para regadio.

9. Á vista da documentación aportada, ámbalas dúas parcelas resultantes dan cumprimento coa superficie mínima de cultivo para este ámbito (Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que remite o artigo 206 LOUGA). As superficies das parcelas matrices e resultantes son as seguintes:

PARCELAS MATRICES		PARCELAS RESULTANTES	
superficie inicial	parcela instrumental	Superficie + parcela instrumental	superficie resultante

1	11.856 m <sup>2</sup>		1-1'	10.156 m <sup>2</sup>	A	10.156 m <sup>2</sup>	
2	8.104 m <sup>2</sup>	1'	1.700 m <sup>2</sup>	2+1'	9.804 m <sup>2</sup>	B	9.804 m <sup>2</sup>
total	19.960 m <sup>2</sup>			19.960 m <sup>2</sup>		19.960 m <sup>2</sup>	

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, o planeamento de 1981, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de segregación e agrupación de parcelas.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do técnico que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 11 de decembro de 2015"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrita, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

- **Conceder a licenza de obras** para a segregación e agrupación de parcelas, solicitada por **presentada por Rosa María Carmen Fernández Taboada**, previa liquidación do ICIO e taxas municipais.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as catorce e trinta horas, estendéndose a presente acta, do que dou fe e certifico, na miña condición de fedatario público.

Silleda, a 15 de Decembro de 2015



O SECRETARIO

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga